

A TIRANÍA DE SES TOLOS BAIXIÑOS

Fai uns días coñeciamos a terrible noticia dun mozo de Vilagarcía que lanzaba auga fervendo sobre a súa nai en protesta porque a ducha saía demasiado fría. Cántame que unha moza de 15 anos denunciou á súa nai por intento de agresión cando esta baixou a música da súa cadea porque estaba demasiado alta...

Nas escolas están aparecendo casos de nenos moi pequenos, de educación infantil, de catro e cinco anos, que incitados ou non por alumnos maiores, na clase ou fora dela, baixan os pantalóns e imitan a Shin Chan co de “piroliña” e “cuiño” exhibindo, sen pudor, os seus atributos masculinos.

Somos testemuñas de cativos que, saíndo da escola, lanzan a súa carteira ó chan, tan lonxe como poden, para que a súa nai (ou a súa avoa en moitos casos) vaia tras dela ríndolle a broma... Ou nenos que montan un berrinche xigantesco en público diante da absoluta indiferencia dos seus pais ou mesmo coa súa compracencia e gracia.

Ou aqueles que no comedor escolar din que non a calquera menú e sacan do seu peto un potito preparado pola súa nai...ou aqueles que veñen atiborrados de toda clase de golosiñas, pasteis, bollicaos e demáis, ou os que non comen, ou vomitan... son algúns exemplos.

A educación para a paz tamén ten que ver con todo isto. Cando falamos de valores, de convivencia, de resolución pacífica de conflitos, de cultura de paz, non podemos circunscribilo ó mundo do ensino reglado, á escola ou ó instituto. Vimos insistindo en que a ausencia de normas é unha das principais razóns da conflictividade. A permisividade dos adultos con comportamentos como os comentados anteriormente, nestas idades e despois, a falla de límites, a superprotección, a ausencia de obrigas e de responsabilidades..., non só limita ou dificulta a construción da propia autonomía persoal, agudiza a dependencia, senón que, nalgunhas ocasións, ten consecuencias posteriores.

Dicimos moitas veces que un pai ou unha nai que non ten autoridade moral sobre o seu fillo ou filla, que non exerce de referente, de exemplo, que declina ou traslada sempre as súas funcións a outros, que culpa dos seus propios fracasos, ou os do seu fillo ou filla, ó resto do mundo (escola, profesorado, malas compañías, sociedade...), que non é capaz de controlar a un pequeno -con catro e cinco anos- dificilmente o conseguirá con 12, 13, 14... ou na adolescencia.

Comentan que a policía de Seattle, nos EE.UU., deu a coñecer dez mandamentos para aqueles pais que, no futuro, queiran ter fillos incontrolables, mesmo delincuentes. Son os seguintes: Darlles todo o que desexen, rírlles as gracias e os disparates, esquecer a educación moral e cívica, non reprendelos nunca para que non se contrarien, recollerlles todo o que tiran ó chan ou desordenan, deixarlles ver ou ler o que queiran, discutir ou pegarse diante deles, proporcionarlles todo o diñeiro que pidan, satisfacerlles tódolos caprichos e darlles sempre a razón.

Desta maneira forxaremos personalidades dependentes, egoístas, agresivas e violentas, resentidas cando non acadan o que desexan, envexosas, insensibles co sufrimento alleo, ausentes de afectos e de sentimentos, pouco empáticas, convencidas de

que o mundo lles debe algo, de que todo está a súa libre disposición, de que os cartos caen do ceo, de que o profesorado lles ten manía...

Moitos pais e nais seguen, erre que erre, xustificando todo o que acontece, lexitimando conductas, para les, o seu fillo é un santo pero anda con “malas compañías”..., os profesores non ensinan nada..., démoslle todo e así o agradece..., non hai quen faga bo del..., calquera lle leva a contraria..., foi ós mellores colexios..., non sei onde aprende esas cousas..., desde logo nós non fumos...

Os tolos baixiños, que diría Serrat, fanse, desde moi novos, pequenos tiranos, se non os educamos, pero a educación non é patrimonio exclusivo da escola e do profesorado